



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de Xaneiro 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XANEIRO 2008



1.- Resumo

Mes húmido con temperaturas superiores á media

O mes de xaneiro tivo dúas partes claramente diferenciadas. Na primeira metade do mes Galicia estivo baixo a influencia das baixas presións coa chegada de sucesivas fronteiras de chuvía, que deixaron importantes cantidades de precipitación, pero a partir do día 18, coa única excepción do día 30, tódalas xornadas foron anticiclónicas e polo tanto moi estables. Así, na xornada de Aninovo tivo lugar a chegada da primeira fronte importante, que tivo a consecuencia de deixar chuvias en toda Galicia, pero sobre todo conseguiu debilitar o anticiclón e deixar a porta aberta para a chegada de novas fronteiras. Isto fixo que nas primeiras 17 xornadas do mes se rexistrasen chuvias en toda a Comunidade, que foron particularmente importantes nas xornadas do 2, 11, 13 e 15 coincidindo coa chegada das fronteiras máis activas. Durante estas primeiras semanas o predominio dos ventos do sudoeste foi moi importante, de xeito que as temperaturas non foron moi baixas. A partir do día 18 as altas presións situáronse novamente sobre a península Ibérica deixando un tempo seco, con néboas matinais e tardes soleadas. Durante estas xornadas no se rexistraron xeadas moi importantes debido a que os ventos sopraron en xeral de compoñente sur, achegando moita humidade, polo que se formaron intensas néboas, pero restrinxiron a posibilidade de xeadas intensas. Este anticiclón soamente comezou a dar síntomas de debilidade na xornada do 30, coa chegada dunha primeira fronte que desprazou ó anticiclón.

Chuvia: As chuvias dos primeiros 17 días do mes foron suficientes para que podamos considerar o mes como húmido ou incluso moi húmido, a pesares da práctica ausencia de chuvias nas dúas derradeiras semanas.

Temperaturas: En canto as temperaturas este mes foi máis cálido do normal, tanto si consideramos as temperaturas mínimas como se temos en conta as máximas. Este feito explícase porque nas primeiras semanas os ceos anubrados e a persistencia dos sudoestes deixaron temperaturas mínimas suaves e máximas normais. No período posterior, anticiclónico, as temperaturas diúrnas foron máis altas do normal e as mínimas se comportaron de xeito achegado á media deste mes, debido a que o aporte de humidade dende o Atlántico dificultou a formación das intensas xeadas que doutro xeito deixaría temperaturas mínimas moi baixas.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003 agás Santiago (1983-2003) .

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

| | XANEIRO 2008 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|--------------------------------|-----------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| T ^a media | 11.4 | 10.5 | 12.4 (2002) | 8.4 (1976) |
| T ^a mínima media | 8.2 | 7.8 | 9.7 (2002) | 5.1 (1976) |
| T ^a minima absoluta | 3.1 (día 31) | -0.5 (14/01/1987) | | |
| T ^a máxima media | 14.8 | 13.2 | 15.0 (2002) | 11.3 (1985) |
| T ^a máxima absoluta | 20.2 (día 20) | 21.2 (26/01/1983) | | |
| Precipitación acumulada | 152 | 114-132 | 260 (1974) | 35 (1981) |

Comentario:

Temperaturas moi superiores aos valores medios, especialmente no caso das máximas, 1.6 °C por riba do agardado. O mes pode considerarse cálido, respecto ás mínimas, e moi cálido en canto ás medias e máximas

A chuvia acumulada superou os valores normais. O mes pode considerarse húmido



SANTIAGO

| | XANEIRO 2008 | VALORES CLIMÁTICOS * | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|-----------------|-------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 9.5 | 8.9 | 10.5 (2002) | 6.5 (1985) |
| Tª mínima media | 6.1 | 5.2 | 7.0 (1982) | 2.0 (1992) |
| Tª mínima absoluta | 1.0 (día 31) | -4.3 (09/01/1985) | | |
| Tª máxima media | 13.1 | 12.5 | 14.0 (2002) | 10.3 (1985) |
| Tª máxima absoluta | 17.9 (día 23) | 21.2 (12/01/1997) | | |
| Precipitación acumulada | 235 | 182-238 | 546 (2001) | 43 (1983) |

Comentario:

*As temperaturas fóron superiores aos valores normais, polo que o mes pode considerarse cálido (compre sinalar que se o comparásemos cun periodo semellante ás restantes estacións posiblemente sería moi cálido (ver *))*

A chuvia acumulada entra dentro do rango normal de valores para o mes de xaneiro, pero queda moi preto do límite de "húmido"

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

LUGO

| | XANEIRO 2008 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|-----------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 7.1 | 6.0 | 8.9 (1988) | 3.6 (1976) |
| Tª mínima media | 2.9 | 2.3 | 6.8 (1988) | -2.5 (1976) |
| Tª mínima absoluta | -1.9 (día 31) | -8.0 (08/01/1985) | | |
| Tª máxima media | 12.3 | 9.7 | 12.7 (1993) | 6.7 (1985) |
| Tª máxima absoluta | 18.2 (día 22) | 19 (27/01/1980) | | |
| Precipitación acumulada | 138 | 113 | 213 (1974) | 23 (1983) |

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios, especialmente no caso das máximas, 2.5 °C por riba do agardado

A chuvia acumulada for superior ao rango de valores normais, polo que o mes pode considerarse húmido



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

| | XANEIRO 2008 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|-----------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 10.8 | 9.3 | 10.8 (1982;2004) | 7.2 (1976) |
| Tª mínima media | 6.9 | 4.8 | 7.5 (2004) | 1.2 (1976) |
| Tª mínima absoluta | 1.9 (día 31) | -4.5 (14/01/1987) | | |
| Tª máxima media | 15.1 | 13.8 | 15.4 (2005) | 12.6 (1977; 1984) |
| Tª máxima absoluta | 20.3 (día 20) | 22.5 (27/01/2003) | | |
| Precipitación acumulada | 230 | 189-222 | 469 (1974) | 25 (1981) |

Comentario:

Temperaturas moi superiores aos valores medios. A temperatura media coincide co máximo rexistrado na serie. O mes pode considerarse moi cálido
A chuvia acumulada superou os valores normais, polo que o mes pode considerarse húmido

OURENSE

| | XANEIRO 2008 | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|-----------------|-----------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 8.8 | 7.7 | 11.0 (1982) | 4.3 (1976) |
| Tª mínima media | 5.2 | 3.1 | 7.3 (1982) | -1.9 (1976) |
| Tª mínima absoluta | 0.1 (día 31) | -7.0 (10/01/1985) | | |
| Tª máxima media | 13.5 | 12.3 | 14.8 (1982) | 9.5 (1981) |
| Tª máxima absoluta | 17.4 (día 5) | 22.0 (27/01/2003) | | |
| Precipitación acumulada | 202 | 96 | 217 (2001) | 2 (1981) |

Comentario:


Temperaturas superiores en xeral aos valores medios, polo que o mes pode considerarse moi cálido
A chuvia acumulada foi moi superior ao agardado, polo que o mes pode considerarse moi húmido



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Xaneiro 2008






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Xaneiro 2008






3.3.- Temperatura media das máximas





3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 01/2008

www.meteogalicia.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA
Informe climatolóxico
Mes de xaneiro 2008